

Informe sobre o apelido *Arauxo*

O apelido *Araúxo* é un apelido toponímico que provén do nome dunha antiga xurisdición na raia seca do Xurés que hoxe aínda se conserva na denominación de dúas parroquias —*Araúxo* (San Martiño) e *San Paio de Araúxo* (San Paio)— no concello ourensán de Lobios, que deben de ser o foco principal do apelido. Crese que *Araúxo* provén dunha forma prerromana ARAUGIO, que contén unha raíz hidronímica AR < *ER ‘moverse, fluír’.

A forma *Araújo* resulta da continuación dunha grafía arcaica que na actualidade se debe considerar anómala, pois o <j> no existe no sistema actual galego e tende a lerse como a correspondente letra castelá.

Por iso, o apelido galego debe estandarizarse coa forma *Araúxo*, que é a grafía propia do topónimo.

